

Obradoiro: FORMACIÓN PARA CADROS DIRECTIVOS DE COOPERATIVAS

[En colaboración con: Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 8 ao 23 de outubro 2020	DURACIÓN	20 horas	MODALIDADE	Teleformación
LUGAR CELEBRACIÓN:	O curso impartirase na aula de formación da Unión de Cooperativas Espazocoop aulaespazocoop.com Celebraranse 2 sesións virtuais de aprendizaxe os días 8 e 23 de outubro de 12.30 a 14:00 hs.				
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456		
		e-mail	patane@espazo.coop		

PARA INSCRIBIRSE >> [prema aquí](#)

OBXECTIVOS

- Desenvolver unha axeitada función xerencial nas cooperativas e empresas de economía social. Aposar dende a práctica as condicións necesarias para a xestión do modelo cooperativo.
- Contribuír a poñer en valor as achegas sociais e económicas das cooperativas.
- Dar a coñecer recursos e ferramentas útiles para as persoas socias e os equipos das cooperativas e empresas da economía social.
- Potenciar a creación de redes de intercambio e colaboración entre as persoas participantes.

PROGRAMA

Módulo 1.- Formación en Xestión Cooperativa
Módulo 2.- Habilidades Sociais e Organización Societaria en cooperativas
Módulo 3.- Plan de Mellora e Recursos disponibles

CONTIDOS

A economía social, unha forma propia de facer empresa. Especificidades das empresas da economía social, nomeadamente da fórmula cooperativa. Características básicas. O marco: As empresas de economía social en Galicia. Plan Estratéxico do Cooperativismo. Casos de boas prácticas. O Organigrama. Os órganos rectores. O papel de empregado/a e xefe/a. Casos prácticos.

As habilidades sociais para a cooperación. A toma de decisións cooperativa. O liderado nas cooperativas e empresas da economía social. Comunicación, empatía e asertividade. Organización cooperativa. Coñecemento dos órganos sociais e do seu funcionamento práctico. A función xerencial en relación aos órganos sociais. O Regulamento de Rexime Interno. Asembleas e xuntanzas.

A área comercial e de mercado e área económico-financeira. Produto, prezo, clientes, provedores, competidores, a intercooperación. A realidade da economía social neste área. A ferramenta de plan de mellora aplicada a este ámbito. Casos prácticos. Especificidades. A contabilidade e fiscalidade. As contas previsionais (resultados e tesourería provisional). Casos prácticos.

A planificación estratéxica e ferramentas para o plan de mellora. e Misión, visión, obxectivos. Diagnose para a mellora. A capacidade emprendedora. A xestión do cambio. A matriz estratéxica. Ferramentas de participación para a definición de obxectivos. Casos prácticos: DAFO inicial. Lista de chequeo. Aplicación práctica da ferramenta de mellora, en relación coas áreas de comercialización, económico-financeira, organización interna e planeamento. Recursos para as empresas da economía social.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. O alumnado terá ao seu dispor os materiais do curso na plataforma de teleformación. Celebraranse 3 sesións virtuais de aprendizaxe nas que se traballarán, de xeito síncrono coas participantes, casos e actividades prácticas para afondar nos contidos do curso.

DIRIXIDO A

As persoas socias e asalariadas das cooperativas que teñan funcións e ou responsabilidades nos cadros directivos das súas organizacións ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para desenvolver estas funcións.